

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MÉRCORES, 26 DE AGOSTO DE 2026

PRESIDENCIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

09,30 h.- A delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, participará na presentación do *IX Campionato de Bodyboard Cidade de Ferrol*.

CEDEIRA (A Coruña)

11,00 h.- A delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará o Museo Mares de Cedeira con motivo das axudas para centros museísticos.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

11,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na presentación da III Ruta Solidaria *Xuntos e seguros, camiñamos*, organizada pola Asociación de Amigos do Camiño de Santiago e a Garda Civil.

SARRIA (Lugo)

13,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, comprobará o resultado de obras executadas ao abeiro do Plan Camiña Rural.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

OURENSE

10,00 h.- O delegado da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, recibirá ao presidente da Asociación Española Contra o Cancro en Ourense, Germán Rodríguez-Sáa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

PONTECESO (A Coruña)

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, fará un percorrido polas rúas da aldea do Couto para ver os traballos realizados no marco do proxecto Couto Florido.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

SAN CAETANO

11,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado polo secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, reunirase cos presidentes dos consellos sociais das tres universidades galegas.

BOIRO (A Coruña)

13,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, visitará as obras de rehabilitación integral no Colexio Plurilingüe Praia Xardín.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

OIA (Pontevedra)

10,30 h.- O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, visitará a escola infantil da rede pública autonómica.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

NIGRÁN (Pontevedra)

11,30 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada da directora do Instituto Galego de Promoción Económica (IgaPe), Covadonga Toca, realizará unha visita á empresa Vig-Sec Drone.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

LUGO

10,30 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, acompañado do delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará a exposición itinerante *40 anos de fondos europeos en Galicia*.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SANTANDER

12,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, participará na mesa de debate *Novos desafíos para afrontar a fragmentación das desigualdades territoriais*, no marco do *II Encontro sobre políticas sanitarias e estado das autonomías*.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SAN CAETANO

11,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, reunirse co alcalde de Crecente, Julio César García-Luengo. A continuación, ás **11,30 h.**, manterá un encontro co rexedor das Nogais, Jesús Núñez.

CIDADE DA CULTURA

12,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado pola directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, presentará o programa *Xeración Emprende. Ruta rural de emprendemento xuvenil*.

O PINO (A Coruña)

13,15 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, e o alcalde do Pino, Manuel Taboada, asinarán un convenio de colaboración para dotar o municipio dun centro sociocultural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

VIGO

10,30 h.- A secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais, Susana Pérez Iglesias, visitará unha das empresas beneficiarias do programa autonómico *Galicia Suma Talento: Emprégate*.

CULLEREDO (A Coruña)

16,20 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, recibirá un grupo de persoas participantes no programa autonómico *Conecta co Voluntariado en Galicia*.

A CORUÑA

11,30 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, visitará a 42ª edición da feira de artesanía *Mostrart*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SAN CIBRAO DAS VIÑAS (Ourense)

11,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, e polo delegado da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, visitará as instalacións do Centro Tecnolóxico da Carne para comprobar os avances de diferentes proxectos de I+D.

CONSELLERÍA DO MAR

CARNOTA (A Coruña)

12,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, visitará as obras rematadas da nova cuberta da lonxa de Portocubelo.

CABANA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)

10,00 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, visitará a Asociación de Mariscadoras de Anllóns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA